

## ROTEIRO “MUIÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN” E “CASTELO DA FURNA”

### O ROSAL E VALENÇA DO MINHO



Iniciaremos a xornada no concello do Rosal cunha ruta de 3,5 km, que nos permitirá coñecer un singular elemento etnográfico: **Os Muíños do Folón e do Picón**. Trátase dun conxunto de 67 muíños que datan dos séculos XVII e XVIII e que na actualidade teñen a consideración de Ben de Interese Cultural. Nas súas paredes consérvanse diversas inscricións relativas a: data de construción, propietarios, motivos relixiosos, etc.

Tras o xantar de campo, o autobús levaranos ao concello de Valença do Minho (Portugal). Preto desta localidade subiremos ao impresionante enclave de rocha granítica denominado **Castelo da Furna**, onde no século XIII se

asentou unha fortaleza da que actualmente só se conservan algúns vestixios. Para acadar a cima deste lugar teremos que percorrer 4,3 km e salvar un desnivel de 400 m. Esta dificultade verase compensada coa espectacular panorámica sobre o Val do Miño e coas curiosas formacións rochosas que alí nos agardan.

**Lonxitude:** 12 km ( 3,5 km na ruta dos muíños e 8,5 km na ruta do castelo).

**Dificultade:** media- baixa na ruta dos muíños e media-alta na ruta do castelo, debido á pendente e á ausencia de sombra. Se o día resultase moi caloroso, as persoas que non se atopasen con folgos para acometer a subida poderán substituír esta por unha visita a Valença-A Fortaleza.

**DOMINGO, 18 DE XUÑO DE 2017**

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

**O autobús sairá** de diante da Facultade de Formación do Profesorado **ás 8.00 h.**

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

*Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.  
O bo humor é cousa de tod@s*